

**ADXUDICACIÓN DEFINITIVA DA OBRA DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE O HÍO.**

**A Xunta de Goberno Local en sesión de data 7 de maio de 2009, adoptou o seguinte acordo:**

**Primeiro.-** Elevar a definitiva a adxudicación provisional do contrato da obra de "**Actuacións na rede de saneamento na parroquia de O Hío**", á empresa ANCHELERGUES E ASOCIADOS, S.L., co CIF nº B27724301, e domicilio Colón nº 7, 3º(CP 36201) de Vigo, polo importe de 332.337,49 €, cunha mellora sen custe adicional valorada en 49.850,62 euros, un prazo de execución de tres meses, e unha aportación de man de obra de doce traballadores, sendo oito deles do cadro de persoal da empresa e catro de nova contratación.

**Segundo.-** Outorgar un prazo de 4 días hábiles para a sinatura do contrato.

**Terceiro.-** Notificar o acordo que se adopte ao adxudicatario e demais licitadores, á Intervención Municipal e a directora de obra, así como dar publicidade á adxudicación definitiva deste contrato coa súa inserción no Perfil do Contratante.